

## **BASES CAMPAÑA ESTE NADAL RASCA E GAÑA**

1. A ABE organiza a campaña de promoción comercial de Nadal co obxectivo de premiar aos clientes que realicen as súas compras nos comercios asociados durante estas datas.

2. A campaña desenvólvese dende o 5 de decembro ata o 5 de xaneiro mediante rascas que conteñen 3.200 premios directos e ademais sortearase entre os rascas no premiados o sueldazo ABE 1.800 € en vales de compra repartidos en 6 premios mensuais. Os vales de compra soamente se poden utilizar para mercar nos comercios participantes sen posibilidade de cambiarse por cartos nin de facer devolucións de efectivo.

3. Os comercios participantes recibirán 1.000 rascas iniciais podendo solicitar a maiores lotes de 500. Deberán entregar gratuitamente os boletos entre os seus clientes en compras superiores a 10 euros e darán 1 por cada 10 euros de compra cun límite máximo de 5 rascas por compra independentemente do importe da mesma. Aqueles comercios que pola súa singularidade realicen ventas de importe pequeno poden dar boletos por menos cantidade que a mencionada pero sempre co límite de 5 rascas por compra.

4. Os participantes poden solicitar repeticións de 500 rascas pero a ABE pode limitar a cantidade de lotes en función das existencias de rascas e agasallos.

### **5. Promoción limitada a 80.000 rascas e 3.200 premios directos.**

6. Os rascas premiados deben canxearse no mesmo establecemento no que se deron e o comercio debe gardar o rasca e entregalo a abe para o correcto control dos premios. Os **rascas non premiados** serán os que entren no sorteo que **realizárase o luns 11 de xaneiro ás 12:00 horas na sede da ABE** polo método de extracción aleatoria.

7. Extraeranse 1 número gañador do sueldazo ABE

8. Tamén se extraerán 3 números que actuarán como suplentes. **Tanto xs premiadxs coma os suplentes teñen de prazo ata o venres 22 de xaneiro ás 12:00 horas para pasar polas oficinas da ABE para identificarse co seu DNI e presentar os boletos.**

9. De non aparecer nese prazo x/s premiadx/s x gañador será x primeirx suplente identificadx correctamente. A entrega de premios será na data e lugar fixado pola ABE

10. As bases e a relación de premiadxs farase pública na páxina web da ABE [www.abe.gal](http://www.abe.gal) nas redes sociais e nos comercios participantes.

11. A participación na campaña supón a aceptación das bases así como a autorización dos premiados a utilizar a súa imaxe aos efectos de publicidade dos resultados da campaña.

12. A organización reservase o dereito de modificar as presentes bases, sen incorrer en ningunha responsabilidade, previa comunicación ao servizo de Xogo da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia.